
O grupo municipal do **PARTIDO POPULAR (Populares de Caldas de Reis)** do concello de Caldas de Reis representado polo seu voceiro Fernando Pérez Domínguez co DNI 35.450.4532-R, ao abeiro do artigo 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986 do 28 de Novembro), e artigo 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de Abril, de Modificación da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, propón, para á consideración do vindeiro Pleno Ordinario da Corporación Municipal a seguinte

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A deixades de funcións do equipo de goberno, e en especial do actual Alcalde, está a provocar serias dificultades para o crecemento e a regularización do asentamento irregular de diversas industrias situadas en Veigas de Almorzar e Monte Meán, na parroquia de Bemil, o carón da estrada N640 Chapa-Carril, concretamente na saída de Caldas de Reis cara Vilagarcía, co que supón para o emprego e a riqueza do noso Pobo.

Primeiro miraron cara outro lado cando esas empresas se asentaron en lugar de desenrolar ese solo para que se puidera facer de forma organizada, e non foron quen de poñer os servizos a disposición das empresas posto que nesa zona non existe nin abastecemento, nin depuración, nin bocas contra incendio, nin alumado público en condicións, pese a que no Xuízo a que foi sometido todo aquel equipo de goberno por estes asentamentos dixeran o contrario.

A día de hoxe seguen sen facer nada sobre esta situación, de feito en todo o termino municipal seguimos sen ter un só metro cadrado de solo industrial urbanisticamente ordenado, e todo isto está a provocar que teñamos empresas que están a marchar do noso municipio, outras que se queren instalar aquí teñan que facelo noutros concellos, e empresas que queren e necesitan medrar non o poidan facer.

Os Populares de Caldas de Reis preocupados por esta situación, e recollendo as inxerencias de moitos empresarios desa zona, realizamos una reunión en Santiago ca Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda Dona Angeles Vázquez, a que tamén asistiron unha numerosa representación dos empresarios, e a Directora Xeral de Urbanismo Dona Encarnación Rivas, para tratar de acadar solucións a este gravísimo problema, e quedaron claras dúas cousas, que calquera solución pasa primeiramente porque o Concello dote de servizos públicos esa zona, e logo se pode levar a cabo o desenrolo urbanístico dese solo.

Este Alcalde, e o seu equipo de goberno, saben perfectamente que este é o único camiño para poder arranxar este problema, e por elo xa fai moito tempo que teñan que ter redactado o proxecto técnico, e dispoñer dos terreos e das autorizacións sectoriais oportunas, e a día de hoxe non teñen feito nada neste senso, sendo un tema vital.

Pero é que a dotación de servizos públicos no lugar de Veigas de Almorzar non é só un tema vital para as industrias da zona, é que ademais a maioría dos veciños dos dous lados das estrada N640 non dispoñen de saneamento, entre outras servizos públicos, e ademais a situación é especialmente grave posto que fai uns anos o Concello pagoulle a unha empresa por facer o saneamento nun vial perpendicular a N640 e a día de hoxe ese ramal de saneamento finaliza sen enganche nin conexión a ningún lado.



www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620

Así pois, propón ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Encargue a redacción do proxecto de saneamento e dotación de servizos públicos o lugar de Veigas de Almorzar o longo da Nacional 640 nas dúas beiras, dándolle servizos a todas as vivendas e industrias dende a subida o lugar de Soutelo de Arriba ata a conexión co colector que vai a EDAR das Corticeiras.
2. Solicite todos os permisos e autorizacións sectoriais precisos.
3. Tramite a posta a disposicións dos terreos afectados.
4. Inicie o procedemento administrativo de adxudicación da obra.
5. Repercute o coste de todo elo, na parte que corresponda legalmente, a aqueles que deban cofinanciar a obra.

En Caldas de Reis a 8 de agosto de 2019

Os concelleiro DO GRUPO MUNICIPAL **PARTIDO POPULAR (Populares de Caldas de Reis)**

Fernando Pérez Domínguez



www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620